

# A nidificación da andoriña das vilas, *Delichon urbica*, no concello de Betanzos e a bisbarra

ESTANISLAO FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ\*

## Sumario

Cénsanse os niños de andoriñas das vilas, *Delichon urbica*, na cidade de Betanzos na tempada de cría do ano 2003.

## Abstract

Nests of the House Martin *Delichon urbica* have been counted in the city of Betanzos during the 2003 nesting season.

## ANTECEDENTES

Nunca se fixera un censo dos niños de andoriña das vilas *Delichon urbica* na cidade de Betanzos e bisbarra, polo que aínda que existe a percepción xeneralizada de que esta ave diminuíu enormemente nos últimos anos carecemos de datos históricos que poidan dalgunha maneira servir para avaliar con precisión ese suposto decaemento.

A andoriña das vilas pasa por ser, xunto coa andoriña común *Hirundo rustica*, coa que se confunde moitas veces, as aves salvaxes máis familiares da nosa ornitofauna, por vivir sempre moi preto do home e face-los niños sobre as propias vivendas, onde atoparon refuxio e protección contra os seus inimigos naturais.

Trátase dun ave migratoria que procede do continente africano onde pasa a tempada fría, aínda que o cambio climático que se está a experimentar a nivel global, fai que moitos paxaros invernen, agora, na costa oriental da península Ibérica, en rexións como Valencia e Murcia, evitándose deste xeito a travesía do Mediterráneo e do deserto do Sahara, sempre chea de riscos para aves pequenas que carecen de defensa contra os seus predadores.



Debuxo dun  
exemplar de  
andoriña das vilas  
«*Delichon urbica*».

## OS NIÑOS DAS ANDORIÑAS

En Betanzos atopamos criando na cidade as dúas andoriñas anteriormente citadas: as das vilas e a común, pero os niños son moi diferentes. Mentres as primeira constrúen un niño de barro pechado, case esférico, as andoriñas comúns o fan en forma de cunca (aberto por riba) e incorporan herbiñas e pallas a estrutura de barro, polo que ambos niños axiña se diferencian dunha simple ollada.

\*Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez é Presidente da Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía e membro do Comité Galego de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.



*Nesta fotografía podemos ve-los tres tipos de niños dos que falamos no censo: o primeiro da esquerda sería un niño “marcado” (soamente fica sinalado na parede un círculo de barro); o segundo e terceiro están enteiros, o cuarto poderíámolo considerar semi-enteiro. O quinto, é, tamén, enteiro.*

En dous niños que estudiamos polo miúdo procedentes de Salvaterra de Miño (Pontevedra meridional), confirmamos que a estrutura externa está feita, exclusivamente, de grans de barro. Que mentres o exterior é enrugado, o interior aparece, sen embargo, moi pulido. Que a cama do niño incorpora grans o pedriñas de cuarzo moi pequenas, corpos e élitros de insectos voadores, froitos de ligustro *Ligustrun vulgare* e por riba, tapizando este material heteroxéneo algunhas palliñas secas en anacos duns 5 ou 6 cm de máximo. Un dos niños pesou 425 gramos e 430 gramos o outro (Fernández de la Cigona, 2003).

## MATERIALE MÉTODO

Percorréronse a pé as rúas da cidade, así como as parroquias dalgunha entidade. Contabilizaranse tódolos niños distinguindo ou diferenciando tres tipos diferentes:

1º. - Niños enteiros, sempre ou case sempre en uso.

2º. - Niños semi-enteiros ou algo estragados, como consecuencia de roturas, ben por causas naturais: humidades, mal pegamento da lama, defectos na construción, etc. como por ataques de predadores ou utilización dos niños por hóspedes que os cobizan, como por exemplo: gorrións comúns *Passer domesticus*, que ata agora é o único paxaro que atopamos, aínda que en contadas ocasións, ocupando un niño desta especie.

3º. - Niños marcados, con esta designación referímonos ós círculos de barro nos teitos das cornixas, balcóns, viseiras, etc. que delatan que alí houbo un niño que rematou por se desmornar definitivamente.

Tomáronse, igualmente, as alturas ás que se achaban os niños e a orientación das fachadas das casas. Anotouse, ademais, o material da edificación que sustentaba os niños: se as edificacións eran de pedra, tixolo, pedra e tixolo, tixolo e madeira, etc.

## O QUE SABIAMOS DAS ANDORIÑAS

Frecuenta máis as vilas que as grandes cidades, sendo relativamente abundante en moitas partes do noso territorio. É unha andoriña pequena, que a penas acada os 13 cm de lonxitude. Amósase moi escura por riba (azul mariño lustroso) e branca por abaixo. Ten rabadilla moi visible desta mesma cor. Patas curtas e emplumadas ata os dedos. Migrador estival que se achega nos primeiros días de marzo. Pronto empeza a reface-los niños do ano anterior ou a construír outros novos. Faino en colonias, ás veces moi apertadas, nas fachanas das casas, na parte de enriba, de forma que a cunca quede cuberta polo saínte da cornixa, quedando entón, unha estrutura pechada, case esférica, cunha pequena entrada superior. Está feita con pelotiñas de barro. Os dous membros da parella constrúen o niño e, tamén, ambos chocan durante 13 ou 14 días 4 oviños brancos, lisiños e brillantes. Despois de permanecer nel uns 20 días, os poliños abandonan o niño, pero axudan na alimentación dos irmáns das novas postas, polo que se xuntan, ó cabo duns meses, moitos paxaros arredor dun só fogar. Fan ata 3 posturas seguidas cada tempada, iniciando a construción dos niños varias semanas despois da súa arribada.

## CHEGADA DAS ANDORIÑAS A GALICIA

No ano 2004 as andoriñas das vilas tiveron un pequeno retraso sobre outros anos na súa arribada a nosa terra, pois era o 10 de marzo e aínda non as viramos por lado ningún. Sen embargo o día 7 xa estaban uns poucos exemplares na vila portuguesa de Moncão, pero non así na galega de Salvaterra de Miño, ó outro lado do río, onde hai unha importante colonia reproductora que acada non menos de 305 niños espallados pola vila enteira.

A finais de febreiro e principios de marzo de 2004, polo menos ata o día 5, houbo fortes e xeados ventos do norte que produciron importantes nevaradas case a nivel do mar en moitos puntos de España, o que sen dúbida debeu afecta-los desprazamentos destas pequenas aves dende os seus cuarteis de invernada no continente africano.

Os días 6 e 7 percorreuse grande parte das catro provincias galegas, pois foi cando censamo-la parte norte da de Lugo, sen ver nin un só exemplar voando polos ceos de Galicia.

Repasando as notas doutros anos, temos unha primeira chegada para Mos, situada ó sur da provincia de Pontevedra, o día 8 de marzo de 2000 e outra o 6 de marzo de 2002, polo tanto, tampouco o atraso era significativo.

Polo que puidemos precisar, os primeiros días de chegada ós locais de nidificación dedícanse a buscar alimento e repor forzas despois da longa viaxe migratoria, desentendéndose, neses días, da busca dos niños de tempadas anteriores.

A finais dese mes, comenzan a visita-los niños e a face-las reparacións e construcións novas, tarefas que lles van a ocupar igualmente os primeiros días de maio.

## A ANDORIÑA DAS VILAS NO CONTORNO DE BETANZOS

Nos concellos que arrodean a Betanzos non atopamos nin un só niño de andoriña das vilas durante o ano 2003, polo que en Abegondo, Bergondo, Coirós, Oza dos Ríos e Paderne, non existen poboacións nidificantes destas aves. Si as atopamos criando, sen embargo, noutros concellos próximos como os de Sada, Carral, Miño e Pontedeume.

A nidificación fica reducida, exclusivamente, ás capitais dos concellos, pois esta andoriña rexeita os lugares pouco poboados, de aí o nome galego que lle aplicamos



*Ás veces aproveitan os fíos do tendido eléctrico para ancora-los niños e evita-lo seu desplome.  
Niños de andoriñas das vilas na vila de Salvaterra do Miño (Pontevedra).*

relacionado coas entidades de poboación. Dificilmente atoparemos niños de esta especie en parroquias e no caso da provincia da Coruña tan só en Betanzos, no lugar de Enfesta, atopamos un.

#### NIÑOS DE ANDORIÑA DAS VILAS EN GALICIA E NA PROVINCIA DA CORUÑA

Entre os anos 2003 e 2004 censámo-la totalidade do territorio galego, contabilizando un total de 5.438 niños. A provincia que máis niños de andoriña das vilas ten é Ourense, onde achamos 1.994, seguida de preto por Pontevedra con 1.941. Lugo sitúase en terceiro lugar cun total de 780 niños e A Coruña pecha a lista con 763.

Na provincia coruñesa destaca Sada, que contabiliza 121 niños, séguenlle Negreira con 78, Ribeira con 75, Porto do Son con 59, Melide con 37, Boiro con 34 e Betanzos sitúase no sétimo lugar con 33. O resto dos concellos ou teñen unha menor cantidade ou carecen por completo deles.

En toda a provincia parece existir unha regresión da especie e, polo tanto, dos niños das aves, pero nunca se fixera no pasado, en ningún concello, un censo que poidese no futuro permitir unha comparación. Recentemente, publicabámo-los de Pontedeume, Ares e Fene (Fernández de la Cigoña, 2004) que proporcionaban unhas cantidades máis que discretas con 28, 13, e 6 niños, respectivamente.

#### O ESPALLAMENTO DOS NIÑOS POLA CIDADE

Polo que puidemos comprobar, as andoriñas crían en Betanzos de maneira bastante dispersa, tanto na parte vella como nas modernas. Quizais nestas últimas atopou lugares adecuados para a colocación dos niños en rúas moi transitadas situadas preto da beira do río, onde as condicións de humidade fan prospera-las poboacións de insectos alados que as andoriñas capturan ó voo, favorecendo deste xeito o alimento que precisan para a crianza dos polos. De tódolos xeitos, agás contados lugares, os niños aparecen de maneira certamente espallada, moitos en solitario, o que denota unha débil puxanza actual da devandita especie.



*Cando as andoriñas son abundantes fan os niños formando pequenos acios de 2, 3 ou máis unidades.*

#### CARACTERÍSTICAS DO CENSO

En xeral, atopamos colonias pequenas, espalladas pola zona antiga con expansións cara ás estradas de circunvalación, pero sen pasar á outra banda do río. En total censamos 32 niños na cidade e 1 no lugar de Enfesta, pertencente, este último, á parroquia de Santiago de Requián. Os grupos son moi pequenos, pois o edificio que máis niños contén é a ferraxería O Candeadado, na avenida da Mariña con 9 unidades, pero, despois, a maioría ten soamente un o dous. As andoriñas das vilas prefiren para aniñar as partes baixas dos edificios, mostrando especial preferencia polos baixos, primeiros e segundos andares, pois non atopamos niños en edificios altos. En canto a orientación, as aves escolleron por un igual as fachadas das casas orientadas cara á saída do sol (leste) e mediodía (sur), sendo moi poucas as que preferiron as que miran cara ó poñente e mailo norte. O día que efectuámo-la prospección, o 24 de setembro de 2003, voaban, aínda, algunhas andoriñas por riba dos tellados da cidade, preto da praza dos Irmáns García Naveira. Nesta localidade, mesmamente como ocorría noutras vilas da ría, como en Pontedeume e Ares, hai algúns niños de andoriña común *Hirundo rustica* espallados polo núcleo urbano, como os dous que vemos sobre a «Porta da Ponte Vella», pero en moi pequena cantidade, pois non fomos capaces de atopar máis que este par ó longo das rúas que revisamos durante o censo betanceiro.

#### NÚCLEOS DE NIDIFICACIÓN NA CIDADE DE BETANZOS

Tanto neste cadro, como no seguinte a columna “H” danos a altura á que se atopa o niño, así B, indica que está no baixo dun edificio; 1º, no primeiro andar; 2º, no segundo andar, etc. “Or” indícanos a orientación da fachada N= norte; S= sur; E= leste; W= oeste e os intermedios: NE= nordeste; SE=sueste; SW= sudoeste, etc. A terceira columna “Ent”,

fala dos niños que atopamos enteiros, en perfecto uso; “Semi”, dos que achamos semi-enteiros, con buratos máis ou menos importantes, e por último “Marc”, sinala aqueles que aparecen marcados cun círculo de lama na parede por se vir abaixo toda a estrutura de barro do niño. “Tt”, indica os totais de cada un.

Edificios ocupados	H	Or	Ent	Semi	Marc	T t
Rúa Ribeira, 2	1°	W	1	0	0	1
“ Ribeira, 27	B	E	0	0	1	1
“ Ribeira, 56	B	N	2	0	0	2
“ Travesa, 16 (Tecidos Joima)		1°	SW	1	0	1
“ Travesa, 47	2°	NE	0	1	0	1
“ Fonte da Unta, 2 (Perruquería Bea-Cris)	B	W	1	0	0	1
“ Fonte da Unta, 17 (Decor. Daniel Vázquez)	B	E	1	0	1	2
Cantón Claudio Pita, 4 (Perfumería Adrezo)	2°	S	1	0	0	1
Praza Irmáns García N. (Ed. dos Xulgados)	1°	E	2	0	0	2
“ Alfonso IX (Edificio Telefónica)	1°	S	0	0	5	5
Rúa Alfolí, 20	1°	E	2	0	0	2
“ Alfolí, 25	1°	SE	1	0	0	1
“ Manuel Naveira, 29	B	E	1	0	0	1
“ Manuel Naveira, 51 (Tenda alimentación)	B	E	1	0	0	1
“ da Mariña, 60 (Ferraxería O Candado)	2°	E	0	3	1	4
Ídem	2°	S	2	0	3	5
Totais			16	4	12	32

#### NÚCLEOS DE NIDIFICACIÓN EN ENFESTA\*, SANTIAGO DE REQUIÁN (BETANZOS)

Edificios ocupados	H	Or	Ent	Semi	Marc	T t
Estrada xeral Betanzos-Santiago, n.º. 60	2°	S	0	1	0	1
Totais			0	1	0	1

\*No lugar de Enfesta, pertencente á parroquia de Santiago de Requián, contígua a Betanzos, atopamos un niño na beira dereita da estrada que vai dende a capital do concello cara á Santiago, na súa banda dereita. A distancia á que se acha esta localidade do núcleo urbano é moi curta, polo que as aves que fixeron o niño naquel lugar deben proceder da capital.

#### BIBLIOGRAFÍA CITADA NO TEXTO

- Fernández de la Cigoña, E., 2003, «A andoriña das vilas *Delichon urbica* no concello de Gondomar e no resto do Val Miñor». *REM (Revista de Estudos Miñoranos)*, 3: 201-209. Nigrán.
- Fernández de la Cigoña Núñez, E., 2004, «Status reproductor da andoriña das vilas *Delichon urbica* en Pontedeume así como nos concellos que configuran a ría de Ares». *Cátedra, Revista Eumesa de Estudos*, n.º 11. Pontedeume.